



Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo		Código	652G01002	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es		
Profesorado	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición do coñecemento epistemolóxico da pedagogía e a didáctica que sustenta a intervención educativa, así como do desenvolvemento de prácticas baseadas na utilización dos recursos didácticos para construír unha intervención informada e comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe en favor da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da escola, da cultura e da sociedade; do deseño e concreción do proceso de ensino e aprendizaxe; da análise da acción no ensino como unha estrutura de traballo para profesorado e estudantes e da avaliación no proceso de ensino e aprendizaxe.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
--------	----------------------------

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Comprender a terminoloxía básica, específica e propia da Didáctica, así como os conceptos referentes aos compoñentes didácticos do proceso de ensino e aprendizaxe, de modo que sexa capaz de reflexionar con rigor sobre os mesmos e orientar racionalmente a súa futura práctica docente.	A1	B3 B10	
Valorar críticamente as diferentes formas de interpretar a realidade educativa de acordo coas diferentes visións sobre a función social da escola e o ensino como sistema, en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos. Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que circunda as aulas educativas.	A13	B3 B15 B22 B24	C4 C6
Comprender as diferenzas entre a planificación curricular e a programación do proceso de ensino e aprendizaxe. Distinguir os diferentes niveis de concreción curricular e as súas implicacións. Coñecer os diferentes elementos e modalidades de deseño curricular.	A30	B3	C6
Coñecer e diferenciar os principios básicos e as características que fundamentan a articulación curricular na actualidade.	A4	B3	
Diferenciar os distintos elementos curriculares. Utilizar diferentes criterios tanto para a análise de grupo, da formulación de obxectivos e a selección e secuenciación de contidos considerándoos como un corpo de coñecementos no marco dun proceso de construción e reconstrución progresiva.	A28 A30		
Comprender o valor científico e pedagóxico da avaliación no campo do ensino, entendida como unha avaliación eminentemente formativa, así como afondar nas relacións entre avaliación e investigación.	A20	B11	
Analizar as figuras implicadas no proceso de ensino e aprendizaxe. Reflexionar sobre a necesaria profesionalización docente e as funcións do profesorado. Comprender o carácter interrelacionado da función do profesorado no sistema educativo.	A20 A21	B5 B6 B15	C4 C7



Desenvolver actitudes de investigación e innovación para facilitar a reflexión sobre a súa práctica educativa, entendida como un proceso de indagación e construción no marco da sociedade do coñecemento e o cambio cultural.	A21	B11 B14	C6 C7 C8
--	-----	------------	----------------

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. A Didáctica no marco das ciencias da educación.	<ul style="list-style-type: none"> -- Ámbito conceptual da Didáctica. - Natureza, obxecto de estudo e finalidade da Didáctica. - A Didáctica, os procesos de ensino e aprendizaxe e o currículo.
MÓDULO II. As funcións sociais do ensino: (re)producción e (re)construción dos saberes, das condutas e dos valores.	<ul style="list-style-type: none"> -- As relacións escola-ensino-sociedade. -- Ensino e socialización: os principios do ensino nunha sociedade democrática. -- Reprodución e reconstrución do saber e da sociedade na escola. -- Harmonía e conflito nas relacións ensino-sociedade: contradicións no proceso de socialización. - A escola como camiño para a igualdade e a inclusión social, cara unha escola multicultural.
MÓDULO III. A cultura da institución escolar	<ul style="list-style-type: none"> -- As dimensións da escola. -- A cultura no ensino obrigatorio: o currículo como categoría para a análise da cultura escolar. -- O oculto e o manifesto na aprendizaxe escolar. -- As determinacións dos contidos. -- O ensino na sociedade da información. -- Os fins básicos dos niveis do sistema educativo.
MÓDULO IV. O deseño e concreción do proceso de ensino e aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> -- As concepcións sobre o currículo. -- As fontes e enfoques do currículo. -- Elementos e funcións do currículo. -- Niveis de concreción/obxetivación do currículo. -- O ensino como deseño e desenvolvemento do currículo.
MÓDULO V. O ensino como unha estrutura de traballo para profesorado e estudantes: a análise da acción	<ul style="list-style-type: none"> -- A interacción de profesorado, estudantes, cultura, contexto e recursos nas actividades de ensino. -- As tarefas como marco de socialización educativa e do proceso de ensino e aprendizaxe. -- A estrutura de tarefas académicas no traballo de ensinantes e na actividade do alumnado. -- Pautas para o estudo de tarefas e das súas secuencias. -- Os métodos pedagóxicos: secuencia de tarefas. -- Os recursos didácticos, organizativos e materiais no proceso de ensino e aprendizaxe. -- Modelos e tradicións metodolóxicas na selección de actividades de ensino: a súa valoración crítica.
MÓDULO VI. O ensino como estrutura de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> -- As relacións interpersoais no proceso de ensino. -- A aula e os centros como espazos de comunicación pedagóxica. -- A xeración de expectativas e a aprendizaxe escolar. -- A importancia do clima da aula na aprendizaxe. -- O ensino máis alá do coñecemento: dimensións persoais.



MÓDULO VII. A avaliación no proceso de ensino e aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> -- A avaliación no pensamento educativo e na práctica escolar. -- Funcións da avaliación no contexto escolar e social. -- Modelos de avaliación e posibilidades pedagóxicas. -- Modalidades de avaliación. Avaliación cuantitativa e cualitativa. Avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. A autoavaliación. - Técnicas e instrumentos de avaliación: as súas características e limitacións.
---	---

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	4	8	12
Sesión maxistral	22	33	55
Estudo de casos	4	8	12
Traballos tutelados	15	20	35
Lecturas	0	15	15
Proba de ensaio	2	15	17
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A análises de fontes documentais implica a reflexión sobre a importancia da inclusión da diversidade, atendendo aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa. Utilizaranse documentos audiovisuais e bibliográficas relevantes sobre a materia con actividades específicas deseñadas para a análise dos mesmos.
Sesión maxistral	Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.
Estudo de casos	As actividades de estudo de casos versarán sobre a presentación de situacións, reais ou verosímiles, centradas no ámbito educativo para a súa análise crítica, dende a óptica da intervención dos profesionais da educación infantil.
Traballos tutelados	En torno aos diferentes temas proporase a realización de pequenos traballos de grupo que se iniciarán na aula e que logo deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.
Lecturas	O alumnado dispoñerá dun dossier de lecturas que será a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se abordarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. A lectura do mesmo será de carácter obrigatorio, e recoméndase que os documentos se lean previamente ao tratamento de cada un dos temas na aula.
Proba de ensaio	A proba de ensaio constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a unha ou varias cuestións interrelacionadas facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións maxistras, análise de fontes documentais, estudos de casos, traballos tutelados, lecturas, e preparación da proba de ensaio, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de titorías fixado de forma oficial.</p> <p>De maneira máis específica, e no marco das sesións interactivas, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación dos traballos tutelados que se realicen ao longo do cuadrimestre. Como este traballo se realizará en grupo, é recomendable que cada grupo realice unha titoría obligatoria, fóra do horario de docencia presencial da materia, que permita traballar sobre o funcionamento do propio grupo.</p>
---------------------	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	<p>Cada alumno/a de maneira individual realizará un estudo de casos que será avaliado a partir dos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none">-A comprensión da situación presentada considerando a diversidade e complexidade dos factores que inciden no ámbito educativo.-A profundidade de análise atendendo ao marco teórico traballado na materia.-O valor de síntese e da adecuación das propostas de acción e intervención como resposta á situación presentada.-Trátase dun traballo fundamentalmente individual	15
Traballos tutelados	<p>Os traballos tutelados realizados polos diferentes grupos de alumnos/as serán avaliados a partir dos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none">-A profundidade do contido.-O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.-A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.-A presentación e a claridade da exposición.-Trátase dun traballo fundamentalmente grupal	35
Proba de ensaio	<p>A proba de ensaio, de carácter individual, consistirá no desenvolvemento de varias cuestións e/ou casos obxecto de análise, que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.</p>	50

Observacións avaliación



Según a participación do alumnado na materia a avaliación contempla dúas opcións:

Opción A. Ao alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (maior ou igual ao 85% das sesións presenciais), corresponderalle a modalidade de avaliación arriba exposta.Opción B. O alumnado que non asiste/participa, por razóns debidamente acreditadas, as actividades de clase (menor ao 85% das sesións presenciais): ademais dos traballos que en cada caso particular se especifiquen, realizará a proba de ensaio con carácter obrigatorio o final do cuadrimestre na data sinalada oficialmente. Esta proba terá un valor do 80% do total da nota final.

-Os alumnos/as repetidores da materia obrigatoriamente deberán poñerse en contacto coa profesora que lles indicará, segundo os casos, a relación de traballos que terán que realizar de maneira individual. En calquera caso, realizarán a proba de ensaio con carácter obrigatorio ao final do cuadrimestre, na data sinalada oficialmente, e que suporá o 50% da nota final (se veñen da modalidade A) e o 80% da nota final (se veñen da modalidade B). A porcentaxe restante da nota corresponderá aos traballos que en cada caso sexan asignados expresamente ao alumno/a.

-Calquera circunstancia persoal que poida alteirar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada de inmediato para a súa oportuna e axeitada consideración e mesmo para tomar as medidas a que houbera lugar en cada caso.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías